

A REALIDADE LABORAL DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ: ANÁLISE E PROPOSTAS



INFORME BASEADO NUNHA ENQUISA A
PROFESIONAIS DOS SAT E UDIAF DE
GALICIA (2024-2025)

**ASOCIACIÓN GALEGA DE
ATENCIÓN TEMPERÁ (AGAT) ·
OUTUBRO 2025**



Asociación Galega de Atención Temperá



CARTA DE PRESENTACIÓN

Estimadas compañeiras e compañeiros da Rede Galega de Atención Temperá:

No ano 1997 a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) botou a andar con varios obxectivos por diante: o intercambio de experiencias, a formación continua e actualización profesional, a investigación e calidade, o fomento da comunidade profesional e o desenvolvemento dun sistema compartido de Atención Temperá.

Case trinta anos despois, o territorio galego conta con máis de cincuenta Servizos Comunitarios Específicos de Atención Temperá (SATS e UDIAFS). E preto de douscentos profesionais traballamos, a diario, nunha atención temperá galega de calidade, pioneira e comprometida. Unha atención temperá que conta co recoñecemento e aval das familias, dos profesionais dos servizos sanitarios, educativos e sociais, das administracións. Pero na que, nos últimos tempos, detectamos unha progresiva insatisfacción ao respecto das nosas condicións laborais.

Por iso, dende a AGAT decidimos levar a cabo o presente estudo. O fin do mesmo é coñecer a vertente económica, contractual e laboral da nosa realidade co fin de analizala e impulsar, de ser o caso, os cambios que sexan precisos.

Temos que dicir que fostes moitas as persoas que colaborastes no mesmo e iso permítenos ofrecer unha idea actualizada e detallada do presente dos servizos comunitarios da Rede, con expresión concreta de situacións e vivencias.

A nosa gratitude pola vosa participación e implicación. Esperamos que o traballo realizado sexa do voso interese e poida contribuir á mellora das vosas circunstancias de traballo e ás vosas expectativas de progreso.







TÁBOA DE CONTIDOS

| | PÁXINA |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
|  A ENQUISA NUNHA OLLADA | 6 |
|  INTRODUCCIÓN | 8 |
|  METODOLOXÍA E MOSTRA | 10 |
|  HIPÓTESES | 11 |
|  PARTICIPANTES E CUESTIONARIO | 12 |
|  RESULTADOS | 13 |
|  CONCLUSIÓN | 23 |
|  RECOMENDACIÓN E PROPOSTAS | 27 |
|  LIGAZÓN DE INTERESE | 28 |
|  ANEXOS | 30 |

A ENQUISA NUNHA OLLADA

PARTICIPACIÓN

-  **Profesionais estimados:** 174
-  **Cuestionarios recibidos:** 117
-  **Taxa de resposta:** 67,2%
-  **Posúen posgrao ou mestrado:** 67,3%

MOSTRA
AMPLA

CONVENIOS APLICADOS

| Tipo de convenio | % de profesionais |
|----------------------------------------------|-------------------|
| XV Convenio de Discapacidade | 76,7% |
| Convenio Acción e Intervención Social | 3,7% |
| Convenio Xunta de Galicia | 0,93% |
| Outros (concello, autónomo, etc.) | 18,7% |

CONVENIOS
NON
HOMOXÉNEOS

CLASIFICACIÓN GRUPOS I E II

| Especialidade | % de profesionais Grupo I | % de profesionais Grupo II |
|----------------------------|---------------------------|----------------------------|
| Psicoloxía | 94% | 6% |
| Logopedia | 6% | 94% |
| Terapia ocupacional | 8% | 92% |
| Fisioterapia | 0% | 100% |
| Maxisterio | 55% | 45% |

DISTRIBUCIÓN
GRUPAL
ARBITRARIA

A ENQUISA NUNHA OLLADA

FRANXAS SALARIAIS

SALARIO
NON
EQUIPARADO
Á TITULACIÓN

| Franxa salarial mensual (xornada completa) | % de profesionais |
|--------------------------------------------|-------------------|
| 1.000€-1.500€ | 53,1% |
| 1.500€-2.000€ | 39,5% |
| > 2.000 € | 7,4% |

SALARIO E CATEGORÍA PROFESIONAL

*Segundo o XV Convenio de Discapacidade

MESTRADO
OU POSGRAO
NON
RECOÑECIDO

- 72,5% dos **titulados con posgrao/mestrado** a xornada completa non chegan ao salario que lles corresponde (1815,63€)
- Só 22,5% cobran segundo o nivel profesional correcto (nivel 3)

SATISFACIÓN LABORAL

INSATISFACCIÓN
LABORAL

| Nivel de satisfacción | % de profesionais |
|----------------------------------|-------------------|
| Insatisfeito ou pouco satisfeito | 69,3% |
| Satisfeito ou moi satisfeito | 30,7% |
| Extremadamente satisfeito | 0% |



INTRODUCCIÓN

Durante o ano **2024**, a AGAT decidiu recompilar máis información sobre cales eran as **condicións económicas e laborais** dos profesionais que traballan nos **Servizos Comunitarios Específicos**. Para isto, revisáronse as resolucións das ordes da Rede Galega de Atención Temperá desde o ano 2020 ata o ano 2024.

Nesta revisión detéctase que todas as ordes fan referencia a equiparar aos profesionais en dous grupos: o **Grupo I e o Grupo II**. Con todo, non se especifican as características formativas que debe cumprir o profesional para ser situado segundo un grupo ou o outro. Tampouco se especifica se estes grupos figuran nun convenio concreto.

Na vixente orde do 27 de xuño do 2024, os profesionais equiparables co **Grupo I** teñen un importe subvencionado de **20,82€** e os profesionais equiparables co **Grupo II** un importe subvencionado de **18,54€**, sen engadir o 35% do custo unitario. No artigo 10 especificácase que os *custos unitarios por hora están calculados en función das retribucións establecidas para cada grupo profesionais no Convenio colectivo de acción e intervención social.*

PUNTO DE PARTIDA

DOUS GRUPOS PROFESIONAIS NUNHA MESMA REDE

DOUS GRUPOS PROFESIONAIS PAGADOS DE XEITO DIFERENTE



Ao revisar a clasificación profesional por grupos que establece o **Convenio Colectivo de Acción e Intervención Social**, obsérvase que no **grupo profesional 1** atópanse os profesionais con **titulación universitaria** e dentro do **grupo profesional 2**, atópanse os profesionais con **formación profesional superior ou de grao medio**.

En canto á **formación profesional**, a orde do 2024 especifica que *o persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións*. Así mesmo, no Art. 8 desta mesma orde, detállanse todas as profesións polas que debe estar integrado un equipo, e todas elas son **profesións con titulación universitaria**.

Debido á escasa información detallada que achegan estes documentos, e o **impacto que pode ter sobre a contratación dos profesionais**, tómase a decisión de obter máis información sobre cal é a situación económica e laboral dos profesionais da rede a través dun **cuestionario** cuxos resultados se presentan neste documento.

**TITULACIÓN
UNIVERSITARIA
OU
FORMACIÓN
PROFESIONAL?**

**TITULACIÓN
UNIVERSITARIA**

**NECESIDADE
DETECTADA**



METODOLOXÍA E MOSTRA

O 7 de setembro do 2024 aprobouse na **Xunta Directiva da AGAT** realizar un **estudo de investigación** para coñecer a situación económica e laboral das profesionais traballadoras nos **Servizos Comunitarios Específicos**.

1

2

Durante o mes de outubro do 2024 traballouse no **deseño** do cuestionario do estudo.

3

Entre o 4 de novembro e o 29 de novembro do 2024, a través das canles da AGAT, enviouse aos **Servizos Comunitarios Específicos** un enlace ao **cuestionario** en formato **online**. Todos os profesionais de cada servizo tiñan a posibilidade de cubrir a enquisa, de carácter anónimo.

4

O 30 de novembro pechouse o cuestionario online e comezou a fase de **revisión de resultados**.

Posteriormente redactouse o presente **informe**.





HIPÓTESES

Segundo a información recompilada na revisión das ordes da Rede Galega de Atención Temperá, **establécense as seguintes hipóteses de traballo:**

HIPÓTESE 1

Non hai homoxeneidade no tipo de convenio das profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos .

HIPÓTESE 2

A colocación profesional nos grupos profesionais establecidos na subvención concedida pola Xunta de Galicia é de carácter arbitrario

HIPÓTESE 3

As profesionais con postgrao ou mestrado contratadas polo XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade non cobran o salario bruto mensual correspondente ao Titulado nivel 3 do convenio.

HIPÓTESE 4

As profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos teñen un salario precario.

HIPÓTESE 5

O grao de satisfacción dos profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos coa súa situación laboral é baixo.



PARTICIPANTES E CUESTIONARIO

Estímase que o número de profesionais que forman parte dos Servizos Comunitarios Específicos son 174, dos cales responderon o cuestionario **117**. Non se descartou ningún dos cuestionarios

No cuestionario incluíase a petición dos seguintes datos:

1. Especificación da **titulación** académica.
2. Especificación de posesión de **postgrao ou mestrado** relacionado coa atención temperá, co desenvolvemento infantil e/ou co apoio a familias.
3. Especificación da **figura responsable** do contrato de traballo.
4. Especificación do **Convenio Colectivo** polo que se efectúa o contrato de traballo.
5. Especificación do **nivel profesional** que se ten no Convenio Colectivo de aplicación.
6. Especificación do **tipo de xornada laboral** que se realiza.
7. Especificación do **salario base bruto mensual**.
8. Especificación do **tempo traballado** no SAT.
9. Especificación de se se realizaban, ou non, tarefas de **coordinación** do SAT.
10. Especificación de se se cobraba **complemento de coordinación** por realizar as tarefas de coordinación.
11. Especificación do **grupo profesional** polo que se xustifica o perfil profesional na subvención concedida pola Xunta de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026.
12. Especificación do **grao de satisfacción** xeral coas condicións económicas e laborais.



RESULTADOS

HIPÓTESE 1

Non hai homoxeneidade no tipo de convenio das profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos.

Tras o análise dos convenios colectivos de aplicación informados polas traballadoras dos Servizos Comunitarios Específicos, conclúese o seguinte:

- O **76,74%** das profesionais están **contratadas polo XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade**.
- O **3,74%** das profesionais están contratadas polo **Convenio Colectivo de Acción e Intervención Social**.
- O **0,93%** das profesionais están contratadas polo **Convenio da Xunta de Galicia**.
- O **18,69%** das profesionais están contratadas por **outro** tipo de convenio (convenio propio do concello, estatuto dos traballadores, convenio propio da Entidade Social ou réxime de autónomo).

En resumo, pese a que o convenio de aplicación maioritario entre as profesionais é o XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade, **non existe homoxeneidade no tipo de convenio aplicado**.

CAIXA DE CONTEXTO

A nivel estatal, hai tamén grandes diferenzas: algunhas comunidades aplican convenios xerais de discapacidade, outras teñen convenios autonómicos (ex. Valencia), e algunhas teñen convenio propio (Cataluña).

Fonte: Bermejo Bueno, I., & Alonso Ruelas, S. (2024). La atención temprana en España. Información autonómica 2023 (2.ª ed.). Federación Española de Asociaciones de Profesionales de Atención Temprana (GAT).



RESULTADOS

HIPÓTESE 2

A colocación profesional nos grupos profesionais establecidos na subvención concedida pola Xunta de Galicia é de carácter arbitrario.

Tras a análise da distribución profesional nos Grupo I e II establecidos pola orde de acreditación extraéanse os seguintes resultados para cada perfil profesional:





| | LOGOPE DIA | PSICOLO XÍA | TERAPIA OCUPACI ONAL | PEDAGO XÍA | MAXISTE RIO | FISIOTER APIA | PSICOPED DAGOXÍA | EDUCACI ÓN SOCIAL |
|-------------------|---------------|----------------|----------------------------|---------------|----------------|------------------|---------------------|-------------------------|
| % GRUPO I | 6,45 | 94,12 | 8,33 | 100 | 54,55 | 0 | 66,67 | 0 |
| % GRUPO II | 93,55 | 5,88 | 91,67 | 0 | 45,45 | 100 | 33,33 | 100 |



RESULTADOS

Por outra banda, se se **correlaciona** a formación de **postgrao ou mestrado** (necesaria para ser contratada no XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade como Titulado nivel 3) **co grupo profesional** no que se sitúan na subvención concedida pola Xunta de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de Atención Temperá nos anos 2024 a 2026, obtéñense os seguintes resultados:

- Dentro das **profesionais CON postgrao ou mestrado**:
 - O **45,83%** das profesionais están situadas no **Grupo I**.
 - O **47,22%** das profesionais están situadas no **Grupo II**.
 - O 6,94% das profesionais non informan do grupo.
- Dentro das **profesionais SEN postgrao ou mestrado**:
 - O **28,57%** das profesionais están situadas no **Grupo I**.
 - O **62,86%** das profesionais están situadas no **Grupo II**.
 - O 8,57% das profesionais non informan do grupo.





RESULTADOS

En resumo, excepto en Pedagogía e Educación Social (que conta con todas as profesionais no Grupo I da orde), e en Fisioterapia (que conta con todas as profesionais situadas no Grupo II da orde), **en todas as demais especialidades están situados os profesionais no Grupo I e II da orde de acreditación, independentemente de se teñen ou non grao ou máster.**

A distribución en grupos profesionais é de carácter arbitrario.

Tamén se observa que **menos da metade das profesionais con postgrao ou mestrado están situadas no Grupo I na subvención concedida pola Xunta de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de Atención Temperá nos anos 2024 a 2026.**

CAIXA DE CONTEXTO

Custos por hora e financiamento dos CDIAT (2023)

- Asturias – 34,77 €/hora; 5.848,98 € por praza/ano en centros concertados.
- Castela e León – 34,76 €/hora para centros concertados e para intervención no domicilio.
- Cataluña – 36,20 €/hora.
- Galicia – 29,43 €/hora en convenios e 28,50 €/hora en centros propios.
- Madrid – 37,63 €/hora en CDIAT.
- Navarra – 37,50 €/hora para intervención no domicilio; 31,75 €/hora en centro.
- País Vasco – 36,50 €/hora

Fonte: Bermejo Bueno, I., & Alonso Ruegas, S. (2024). La atención temprana en España. Información autonómica 2023 (2.ª ed.). Federación Española de Asociaciones de Profesionales de Atención Temprana (GAT).



RESULTADOS

HIPÓTESE 3

As profesionais con postgrao ou mestrado contratadas polo XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade non cobran o salario bruto mensual correspondente ao Titulado nivel 3 do convenio.

Dado que nesta enquisa o convenio utilizado maioritariamente é o XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade, decídese analizar a hipótese 3 só en base a este convenio.

De acordo ao convenio mencionado, os profesionais titulados atópanse dentro do **Grupo II** o cal se divide en dous niveis: Titulado nivel 2 e Titulado nivel 3. "**Titulado nivel 2**" fai referencia aos profesionais titulados con **grao**, cuxo **salario base mensual** é de **1379,88€**. Doutra banda, "**Titulado nivel 3**" fai referencia ao persoal titulado con **mestrado**, cuxo salario base mensual é de **1815,63€**.

Seguindo este convenio, os profesionais con posgrao/mestrado pertencerían ao nivel profesional 3 e os profesionais con titulación de grao ao nivel 2.

Os datos obtidos na **enquisa** móstrannos que:

- O **67,3%** das profesionais teñen titulación de **posgrao/mestrado**.
- O **32,7%** das profesionais **non teñen** titulación de posgrao/mestrado.

Obsérvase que a maioría dos profesionais que traballan nos Servizos Comunitarios Específicos teñen formación superior de postgrao/mestrado.



RESULTADOS

Dentro do grupo de **profesionais con posgrao/mestrado**, decídese analizar segundo cada **tipo de xornada laboral** qué persoas están a cobrar polo nivel correspondente a esa categoría (**Titulado nivel 3**).

No conxunto de profesionais (con postgrao ou mestrado) contratadas a **xornada completa** polo convenio mencionado (40 persoas), destácase o seguinte:

| SALARIO BRUTO/MENSUAL | XORNADA COMPLETA |
|------------------------------|------------------|
| Inferior a 1815,63€ | 72,50% |
| Igual ou superior a 1815,63€ | 27,50% |

*Os resultados obtidos de media xornada ou outras xornadas, atópanse nos anexos.

Tras retirar tres cuestionarios da mostra por non ofrecer datos precisos, tómase como total o 92,5% da mostra das profesionais contratadas a **xornada completa**. Desta porcentaxe reflíctese o seguinte:

| SALARIO BRUTO/MENSUAL | T.NIVEL 2 | T.NIVEL 3 |
|------------------------------|-----------|-----------|
| Inferior a 1815,63€ | 57,5% | 12,5% |
| Igual ou superior a 1815,63€ | 0% | 22,5% |

*Os resultados obtidos de media xornada ou outras xornadas, atópanse nos anexos.



RESULTADOS

En resumo, **a maioría das profesionais con postgrao ou mestrado que traballan a xornada completa están contratadas como Titulado nivel 2, cando a categoría que lles corresponde por formación sería Titulado nivel 3.** Soamente o 22,5% das profesionais estarían contratadas na categoría correcta no XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade.

CAIXA DE CONTEXTO

Segundo o **XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade:**

• **Grupo II. Personal Titulado.**

- **Titulado nivel 3:** “ Personal Titulado nivel 3: Se incluírán en este apartado aqueles postos que requieran para su desempeño la titulación nivel 3 **Máster**, según lo establecido en el Real Decreto 1027/2011, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.”
- **Titulado nivel 2:** Se incluírán en este apartado aquellos postos que requieran para su desempeño la titulación nivel 2 **Grado**, según lo establecido en el Real Decreto 1027/2011, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.

Fonte: Resolución de 27 de junio de 2019, de la Dirección General de Trabajo, por la que se registra y publica el XV Convenio colectivo general de centros y servicios de atención a personas con discapacidad.



RESULTADOS

HIPÓTESE 4

As profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos teñen un salario precario.

Todos os **datos recollidos fan mención ao XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade** dado que era o que estaba vixente nese momento. Actualmente, está en vigor o XVI Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade, pero esta actualización non altera os resultados posto que as franxas salariais seleccionadas nesta investigación tamén serven para o XVI Convenio.

En base ao **tipo de xornada** (completa, media ou outro tipo) establécense as seguintes **franxas salariais**: menos de 500€, entre 500€ e 1000€, entre 1000€ e 1500€, entre 1500€ e 2000€, e máis de 2000€.

Dentro do grupo das profesionais contratadas a **xornada completa** (total de 81 persoas) obsérvase o seguinte:

| 1000-1500€ | 1500-2000€ | MÁIS DE 2000€ |
|------------|------------|---------------|
| 53,09% | 39,05% | 7,41% |

*Os resultados obtidos de media xornada ou outras xornadas, atópanse nos anexos.




RESULTADOS

HIPÓTESE 4

As profesionais dos Servizos Comunitarios Específicos teñen un salario precario.

Os resultados da táboa anterior aparecen representados no gráfico que se observa a continuación:



En conclusión, **máis da metade das profesionais** que traballan a **xornada completa** sitúanse na franxa salarial do tramo correspondente a **1000€-1500€ brutos mensuais**.

CAIXA DE CONTEXTO

O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) establecido para o 2025 é de 1184€.

Fonte: Web do Ministerio de Trabajo e Economía Social
<https://www.sepe.es/HomeSepe/es/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/noticias/detalle-noticia?folder=/SEPE/2025/Febrero/&detail=boe-publica-smi-2025-se-establece-1184-euros>




RESULTADOS

HIPÓTESE 5

O grao de satisfacción sobre a situación laboral dos profesionais dos nos Servizos Comunitarios Específicos é baixa.

En canto ao **grao de satisfacción** das profesionais en relación coa súa **situación económica e laboral**, as respostas atopábanse entre o rango: *extremadamente satisfeito e insatisfeito*. A continuación, reflíctense os resultados obtidos nun gráfico:



En conclusión, **a maioría das profesionais** contratadas teñen un grao de satisfacción correspondente con ***insatisfeito e con pouco satisfeito*** en relación á súa situación económica e laboral.



CONCLUSIÓN

Tendo en conta cada unha das hipóteses do presente estudo, a continuación procédese coa **interpretación** dos resultados obtidos. Este análise permite comprender os datos recollidos, avaliar a súa relevancia no contexto do estudo e a súa contribución ao coñecemento sobre a **situación económica e laboral nos Servizos Comunitarios da Rede Galega de Atención Temperá**.

SOBRE O CONVENIO



O **convenio maioritariamente utilizado** para a contratación das profesionais dos Servizos Comunitarios, é o **Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade (74,76%)**.

Sen embargo, o feito de que a Orde de subvencións da Xunta de Galicia estableza o prezo/hora destas subvencións en base aos Grupos I e II dun convenio diferente (Convenio Colectivo de Acción e Intervención Social), está a producir confusión e situacións irregulares nas condicións de contratación de algúns profesionais.



CONCLUSIÓN

SOBRE OS GRUPOS DA ORDE



Esta contratación do persoal en base aos grupos profesionais do Convenio de Intervención Social (Grupos I e II) confírmase como un **factor de confusión orgánica e funcional, arbitrariedade** na contratación, e **desconsideración da especialización** profesional.

- De **confusión orgánica**, en tanto en canto o Grupo II do citado convenio corresponde aos profesionais con formación profesional superior ou de grao medio, profesionais que en ningún caso poden ser contratados para realizar o traballo terapéutico e de dinamización psicosocial que require a prestación de Atención Temperá.
- De **confusión funcional**, ao permitir responsabilidades diferentes na actuación profesional que contradín o Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación, o cal sinala claramente que todos os profesionais deben asumir funcións idénticas como profesionais de referencia e coordinadores de caso
- De **arbitrariedade na clasificación e contratación**. A omisión de criterios na Orde da Xunta facilita que as entidades titulares ou de xestión dos servizos poidan colocar ás profesionais dos Servizos Comunitarios nun grupo ou noutro sen ningún criterio de soporte.



CONCLUSIÓN

- De **desconsideración da especialización profesional**. Esta especialización, requirida polo Decreto de creación da RGAT e pola propia Orde, pode ser ignorada na práctica na regulación das condicións de contratación e no desempeño funcional cotián. Segundo a nosa enquisa, tan só o 27,5% das profesionais contratadas polo XVI Convenio estarían no nivel 3 que debería corresponderlles pola súa formación e nivel de especialización (posgrao).

SOBRE AS CONTRATACIÓNS E OS SALARIOS



Unha **consecuencia inmediata** do desorde na clasificación profesional, como se pode observar nos datos expostos anteriormente, é a **repercusión salarial**. Así, a **franja salarial máis frecuente está entre os 1000-1500€ brutos ao mes**. Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional no ano 2025 foi de 1184€ e que a maioría das profesionais que conforman os Servicios Comunitarios teñen estudos de posgrao, e adican unha parte importante do seu tempo e recursos económicos a mellorar a súa formación, non é de estrañar que o grao de satisfacción laboral sexa baixo.



CONCLUSIÓN

SOBRE A SATISFACCIÓN



A enquisa, xa que logo, confirma a Hipótese 3 deste traballo, no sentido de que un porcentaxe importante **das profesionais non están contratadas coas condicións laborais que lles corresponden**, o que xera precariedade e insatisfacción.

Todas as profesionais enquisadas responderon á cuestión sobre o seu grao de satisfacción económica e laboral. E un significativo **69% síntese insatisfeito e pouco satisfeito**. En contraposición, só o **8% se atopa moi satisfeito** e ninguén respondeu que se atopa extremadamente satisfeito coas súas condicións.



RECOMENDACIONES E PROPOSTAS

Estas arbitrariedades e disfuncións da situación das profesionais dos Servizos Comunitarios da RGAT podería evitarse **eliminando na Orde da Xunta as referencias ao Convenio de Intervención Social** e a posibilidade de contratación de profesionais en base a dous grupos.

Por unha banda o ámbito funcional do convenio de Intervención Social non son os Servizos de Atención Temperá e, no mesmo sentido, debería **respectarse como ámbito normativo** de condicións mínimas da actividade profesional nos Servizos Comunitarios Específicos de Atención Temperá o vixente **XVI Convenio Estatal sobre Discapacidade** que, sen lugar a dúbida, sitúa os Servizos Especializados de Atención Temperá dentro do seu ámbito funcional.

Por outra, non ten sentido contratar dous grupos de profesionais cando todas desempeñan idénticas responsabilidades e funcións. Polo que debería avanzarse na **unificación nunha categoría profesional única[1]**, categoría que de conformidade coa especialización profesional que se require para o desempeño das complexas funcións relacionais e terapéuticas da Atención Temperá **debería significar a inclusión no Grupo II – Titulación nivel 3, do XVI Convenio Estatal sobre Discapacidade.**

[1] No mesmo sentido que establece o Convenio Colectivo dos Centros de Desenvolvemento Infantil e Atención Precoz no ámbito de Cataluña



LIGAZÓNS DE INTERESE

**XVI CONVENIO
COLECTIVO XERAL
DE CENTROS E
SERVIZOS DE
ATENCIÓN A
PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-7169



**LA ATENCIÓN
TEMPRANA EN
ESPAÑA EN 2024.
INFORME DEL GAT**

<https://atenciontemprana.com/la-atencion-temprana-en-espana-en-2024-informe-del-gat/>





LIGAZÓNS DE INTERESE

**ASOCIACIÓN
GALEGA DE
ATENCIÓN
TEMPERÁ**

<https://atenciontemprana.com/>



**ORDEN DE 27 DE
JUNIO DE 2024
(...) PARA LA
PRESTACIÓN DE
SERVICIOS EN LO
MARCO DE LA RED
GALLEGA DE
ATENCIÓN
TEMPRANA EN LOS
AÑOS 2024 A
2026**

https://politicasocial.xunta.gal/sites/default/files/archivos/axudas/27-06-2024_orden_cas.pdf





ANEXOS



ANEXOS

HIPÓTESE 3

As profesionais con postgrao ou mestrado contratadas polo XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade non cobran o salario bruto mensual correspondente ao Titulado nivel 3 do convenio.

Resultados obtidos sobre as profesionais que traballan a media xornada ou outras xornadas:

Dentro do grupo das **profesionais con postgrao ou mestrado** contratadas a **media xornada** polo convenio mencionado (2 persoas), destácase o seguinte:

- O **100%** das profesionais recibe un salario **bruto mensual inferior a 1815,63€**.
- Ningunha das profesionais recibe un salario bruto mensual igual ou superior a 1815,63€.

Máis especificamente:

- O **50%** das profesionais percibe un salario bruto mensual inferior a 1815,63€ pero están **contratadas** como **Titulado nivel 3** do convenio.
- O 50% das profesionais percibe un salario bruto mensual inferior a 1815,63€ e están **contratadas** como **Titulado nivel 2** do convenio.

Como se pode observar, **a metade das profesionais** con postgrao ou mestrado que traballan a media xornada están **contratadas** como Grupo II (persoal titulado), **Titulado nivel 2**, cando a categoria que lles corresponde por formación sería Grupo II (persoal titulado), **Titulado nivel 3 do convenio**.



ANEXOS

HIPÓTESE 3

Por último, dentro do grupo das **profesionais con postgrao ou mestrado** contratadas por **outro tipo de xornada** polo convenio mencionado (10 persoas), destácase o seguinte:

- O **80%** das profesionais recibe un salario **bruto mensual inferior a 1815,63€**.
- O **20%** das profesionais recibe un salario **bruto mensual igual ou superior a 1815,63€**.

Máis especificamente:

- O **30%** das profesionais perciben un salario **bruto mensual inferior a 1815,63€** pero están **contratadas** como **Titulado nivel 3** do convenio.
- O **50%** das profesionais percibe un salario **bruto mensual inferior a 1815,63€** e están **contratadas** como **Titulado nivel 2** do convenio.
- O **20%** das profesionais percibe un salario **bruto mensual igual ou superior a 1815,63€** e están **contratadas** como **Titulado nivel 3** do convenio.

Neste último grupo profesional obsérvase que a metade das profesionais con postgrao ou mestrado están contratadas como Grupo II (persoal titulado), Titulado nivel 3. A outra **metade das profesionais están contratadas como Grupo II** (persoal titulado), **Titulado nivel 2**, cando a categoria que lles corresponde por formación sería Grupo II (persoal titulado), Titulado nivel 3 do convenio.



ANEXOS

HIPÓTESE 3

Tendo en conta os diferentes tipos de xornada laboral existentes dentro dos Servizos Comunitarios Específicos de Galicia, pódese concluir que **en ningún dos casos a totalidade das profesionais con postgrao ou mestrado están contratadas no Grupo II, Titulado nivel 3 do XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade**



ANEXOS

HIPÓTESE 4


As profesionais dos Servicios Comunitarios Específicos teñen un salario precario.

Resultados obtidos sobre as profesionais que traballan a media xornada ou outras xornadas:

Dentro do grupo das profesionais contratadas a **media xornada** (total de 8 persoas):

- O **37,5%** das profesionais sitúase na **franja salarial** de **500€ a 1000€** brutos mensuais.
- O **62,5%** das profesionais sitúase na **franja salarial** de **1000€ a 1500€** brutos mensuais.

En conclusión, a **maioría das profesionais**, contratadas a media xornada cobran **entre 1000€ e 1500€** brutos mensuais.



Nos tres tipos de xornada laboral a franja salarial máis frecuente é a do tramo correspondente a 1000€-1500€ brutos mensuais.



ANEXOS

Enquisa

Estimadas compañeiras:

Como ben sabedes, nos últimos anos vimos sinalando que, dentro do obxectivo de mellorar a calidade e continuidade dos servizos comunitarios de Atención Temperá, é imprescindible abordar a igualación das condicións económicas e laborais e a clarificación de funcións dos profesionais, superando as situacións de desigualdade e/ou inestabilidade que poidan existir actualmente.

Para avanzar na consecución deses obxectivos sería de gran axuda poder dispoñer dunha panorámica o mais exacta posible da situación laboral de todas e cada unha das profesionais que estades a traballar na rede. Por este motivo, dende a Asociación Galega de Atención Temperá configuramos este cuestionario (de carácter anónimo) que consta de 11 preguntas de resposta curta, cun tempo estimado de resposta de 3 a 5 minutos.

Animámosvos a que cada profesional de cada SAT responda abertamente. É de suma importancia contar coa maior cantidade de respostas posibles co fin de poder traballar na mellora das condicións económicas e laborais das profesionais da Rede Galega de Atención Temperá. O cuestionario estará aberto ata o 29 de Novembro do 2024.

Moitísimas grazas

Un cordial saúdo

Asociación Galega de Atención Temperá



ANEXOS

Enquisa

TITUACIÓN ACADÉMICA

-Cal é túa titulación?

Logopedia/ Psicología/ Terapia Ocupacional/ Pedagogía/ Maxisterio/
Fisioterapia/ Educación Social/ Enfermería/ Medicina

-Tes posgrao ou máster relacionado coa atención temperá,
desenvolvemento infantil e/ou apoio a familias?

Si / Non

CONVENIO

-Cal é a figura responsable do teu contrato?

Empresa/ Entidade Social/ Concello/ Son profesional autónomo/
Outros

-Por qué convenio estás contratada/o?

XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a
Persoas con Discapacidade/ Convenio Colectivo de Acción e
Intervención Social/ Convenio da xunta de Galicia/ Outros

-Se marcaches outros, especifica cal? (Resposta Aberta)

-Cal é o teu nivel profesional nese convenio? (Xeralmente esta
información atópase na cabeceira da nómina ou no contrato de
traballo). (Resposta Aberta)

Xornada Completa/ Media xornada/ Outros



ANEXOS

Enquisa

-Qué tipo de xornada laboral tes? Cal é o teu salario base en BRUTO ao mes? (Xeralmente esta información atópase na cabeceira da nómina. Lembra que o salario base bruto mensual é sen retencións, sen complementos e sen paga prorrateada) (Resposta Aberta)

-Canto tempo levas traballando nalgún Servizo de Atención Temperá da Rede Galega?

Menos de 6 meses/ Entre 6 meses e 1 ano/ Entre 1 ano e 3 anos/ Entre 3 e 6 anos/ Más de 6 anos

A TÚA FIGURA NO SAT

-Coordinas o equipo?

SI/ NON

-Recibes complemento de coordinación?

SI/NON

SUVBENCIÓN

-A data de hoxe, por qué grupo se xustifica o teu perfil profesional na subvención concedida pola Xunta de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026? Podes buscalo na web: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20241028/AnuncioG0762-171024-0004_es.html

Profesionais equiparables ao grupo I/ Profesionais equiparables ao grupo II



ANEXOS

Enquisa

NIVEL DE SATISFACCIÓN

-Cal é o teu nivel de satisfacción con esta situación económica e laboral?

Extremadamente satisfeito/ Moi satisfeito/ Satisfeito/ Pouco satisfeito/
Insatisfeito

Moitas grazas pola túa colaboración!



ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Cal é túa titulación?

Nº total respostas: 107

| Logopedia | Psicología | Terapia Ocupacional | Pedagogía | Maxisterio | Fisioterapia | Psicopedagogía | Educación Social |
|-----------|------------|---------------------|-----------|------------|--------------|----------------|------------------|
| 35 | 37 | 12 | 7 | 5 | 7 | 3 | 1 |





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

TITULACIÓN ACADÉMICA

- Tes posgrao ou máster relacionado coa atención temperá, desenvolvemento infantil e/ou apoio a familias?

Nº total respostas: 107

| SI | NON |
|----|-----|
| 72 | 35 |





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Cal é a figura responsable do teu contrato?

Nº total respostas: 107

| Empresa | Entidade Social | Concello | Profesional Autónomo | Outros |
|---------|-----------------|----------|----------------------|--------|
| 46 | 37 | 17 | 1 | 6 |





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Por qué convenio estás contratada/o?

Nº total respostas: 107

| XV Convenio Colectivo xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade | Convenio Colectivo de Acción e Intervención Social | Convenio da Xunta de Galicia | Outros |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|------------------------------|--------|
| 82 | 4 | 1 | 20 |





ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Se marcaches “outros”, especifica cal. (resposta aberta)

Nº total respostas: 20. As respostas poden agruparse nas seguintes categorías: *Convenio do concello, autónoma, ASPANEPS, propio da entidade, propio, estatuto xeral dos traballadores, lexislación xeral de empregados públicos, ningún e non saben.*

| OUTROS CONVENIOS | | | | | | | | |
|----------------------|----------|----------|--------------------|--------|----------------------------------|------------------------------------------|--------|-----------|
| Convenio do Concello | Autónoma | ASPANEPS | Propio da entidade | Propio | Estatuto Xeral dos Traballadores | Lexislación xeral de empregados públicos | Ningún | Non saben |
| 9 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 4 |



ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Cal é o teu nivel profesional nese convenio? (Xeralmente esta información atópase na cabeceira da nómina ou no contrato de traballo). (Resposta Aberta)

Nº total respostas: 107

As respostas poden agruparse nas seguintes categorías: *nivel 3(XV Convenio), nivel 2 (XV convenio), Técnico Grupo A1 (concello), A1 (Convenio Acción), A2 (Convenio Acción), ensinanzas universitarias de segundo ciclo e equivalentes, grupo 2 concello Chantada e non concluíntes*

| NIVEL PROFESIONAL | Nº |
|-----------------------------------|----|
| NIVEL 3 (XV CONVENIO) | 23 |
| NIVEL 2 (XV CONVENIO) | 54 |
| TÉCNICO GRUPO A1 (CONCELLO) | 3 |
| A1 (ACCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL) | 3 |
| A2 (ACCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL) | 1 |
| ENSINANZAS UNIVERSITARIAS DE | 2 |
| GRUPO 2 CONCELLO CHANTADA | 2 |
| NON CONCLUÍNTES | 19 |



ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Cal é o teu nivel profesional nese convenio? (Xeralmente esta información atópase na cabeceira da nómina ou no contrato de traballo). (Resposta Aberta)

Nº total respostas: 107

As respostas poden agruparse nas seguintes categorías: *nivel 3 (XV Convenio)*, *nivel 2 (XV convenio)*, *Técnico Grupo A1 (concello)*, *A1 (Convenio Acción)*, *A2 (Convenio Acción)*, *ensinanzas universitarias de segundo ciclo e equivalentes*, *grupo 2 concello Chantada* e *non concluíntes*





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Qué tipo de xornada laboral tes?

Nº total respostas: 107

| Xornada Completa | Media Xornada | Outros |
|------------------|---------------|--------|
| 81 | 8 | 18 |





ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO


- Cal é o teu salario base en BRUTO ao mes? (Xeralmente esta información atópase na cabeceira da nómina. Lembra que o salario base bruto mensual é sen retencións, sen complementos e sen paga prorrateada) (Resposta Aberta)

Nº total respostas: 107

Respostas anuladas: 1 (creese que indicou o salario bruto anual).

As respostas poden agruparse nas seguintes categorías: <500€, 500-1000€, 1000-1500€, 1500-2000€ e >2000€.

| Salario bruto mensual | Nº persoas |
|-----------------------|------------|
| <500€ | 1 |
| 500-1000€ | 6 |
| 1000-1500€ | 56 |
| 1500-2000€ | 36 |
| >2000€ | 7 |





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

CONVENIO

- Canto tempo levas traballando nalgún Servizo de Atención Temperá da Rede Galega?

Nº total respostas: 107

| Menos de 6 meses | Entre 6 meses e 1 ano | Entre 1 ano e 3 anos | Entre 3 anos e 6 anos | Máis de 6 anos |
|------------------|-----------------------|----------------------|-----------------------|----------------|
| 8 | 11 | 39 | 27 | 22 |





ANEXOS


Resultados da enquisa pregunta a pregunta

A TÚA FIGURA NO SAT

- Coordinas o equipo?

Nº total respostas: 106

| SI | NON |
|----|-----|
| 30 | 76 |





ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

A TÚA FIGURA NO SAT

- Recibes complemento de coordinación?

Nº total respostas: 101

| SI | NON |
|----|-----|
| 18 | 83 |





ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

SUBVENCIÓN

- Por qué grupo se xustifica o teu perfil profesional na subvención concedida pola Xunta de Galicia?

Nº total respostas: 99

| GRUPO I | GRUPO II |
|---------|----------|
| 43 | 56 |





ANEXOS

Resultados da enquisa pregunta a pregunta

NIVEL DE SATISFACI3N


- Cal 3 o teu nivel de satisfacci3n con esta situaci3n econ3mica e laboral?

Nº total respostas: 107

| Extremadamente e satisfeito | Moi satisfeito | Satisfeito | Pouco satisfeito | Insatisfeito |
|-----------------------------|----------------|------------|------------------|--------------|
| 0 | 8 | 25 | 42 | 32 |

Cal 3 seu nivel de satisfacci3n con esta situaci3n econ3mica e laboral?

- Extremadamente satisfeito
- Satisfeito
- Insatisfeito
- Moi satisfeito
- Pouco satisfeito





Asociación Galega de Atención Temprá